

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño, para a realización de actuacións de normalización lingüística e de fomento da cultura galega.

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral da Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará coa Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua e da Dirección Xeral de Cultura e a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño para a realización de actividades de fomento da lingua e da cultura galegas.

A Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño ten como obxectivo principal manter vivo o Museo A Solaina de Piloño, promovendo e apoiando a súa labor a prol de recopilar e conservar a lingua e a cultura galegas. O Museo a Solaina de Piloño foi creado polo pintor, escultor e escritor Paco Lareo que puxo en marcha o proxecto como unha iniciativa sociocultural e consciente da necesidade de crear un tecido solidario que contribúa ao acceso á cultura da poboación rural, apostando polas actividades socioculturais como nexo de unión entre os pobos. Se trata dun espazo adicado a cultura en xeral dividido nas seguintes partes: a forxa, a solaina vella, o patio exterior, a solaina nova "sala Laxeiro" e a sala permanente de Paco Lareo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá



adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega e a promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia, especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño que ten por como obxectivo principal manter vivo o Museo A Solaina de Piloño, promovendo e apoiando a súa labor a prol de recopilar e conservar a lingua e a cultura galegas.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado





o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

